



PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: Aprobación do prezo público e da normativa do Servizo de madrugadores do Concello de Vimianzo.

Expte. TEDEC: 2020/X999/000011

Vista a memoria económica e xustificativa do programa de madrugadores, asinada pola técnica da área de benestar social en data 10/01/2020, co visto e praxe da alcaldía, na que se establece o custo do servizo e indicando o promedio de usuarios/as.

Vista a proposta de normativa do servizo de madrugadores deste concello, asinada pola técnica da área de benestar social en data 10/01/2020, co visto e praxe da alcaldía e que se transcribe literalmente: **“NORMATIVA BÁSICA DO SERVIZO DE MADRUGADORES (CONCELLO DE VIMIANZO)**

- 1.- O servizo prestarase de luns a venres no CEIP San Vicenzo, en días lectivos, en horario de 7:30 ata a apertura do centro escolar.
- 2.- Establécense diferentes quendas de entrada cada media hora: 7:30, 8:00, 8:30 e 9:00.
- 3.- A solicitude de inscrición para o acceso ao servizo realizarase na Área de Benestar Social no Concello de Vimianzo, no modelo normalizado que existe para tal fin, xunto coa documentación esixida e que figura na solicitude.
- 4.- Ao longo do curso poderanse presentarse solicitudes sempre e cando a organización e planificación do servizo así o permita.
- 5.- Existen dúas modalidades de asistencia: a) todo o curso escolar e b) utilización do servizo días puntuais. Dentro da modalidade de todo o curso escolar (opción a) establécense dúas opcións: mes completo ou días soltos. Nas dúas modalidades existe a opción con almorzo e sen almorzo.
- 6.- O uso do servizo en días puntuais (opción b) comunicarase previamente pola persoa solicitante ao Concello polo menos con 48 horas de antelación, salvo necesidade urxente. A comunicación realizarase no teléfono: 981716001 ou 981707426 ou nas mesmas dependencias de Servizos Sociais.
- 7.- A alta, baixa ou modificación da modalidade de utilización do servizo deberá ser comunicada por escrito ao Concello cunha semana de antelación. No caso contrario, deberase aboar a mensuralidade correspondente. Se a incorporación se realizar unha vez comezado o mes aboarase o mes completo.
- 8.- O Concello resérvase o dereito de anular a posta en marcha do servizo se non se supera o número mínimo de usuarios.
- 9.- O programa Madrugadores comprende os seguintes servizos:
 - a) Servizo de acollida e vixilancia dos escolares participantes
 - b) Servizo de almorzo.



10.- Será requisito para acceder ao servizo Madruga estar matriculado no centro de educación infantil e primaria do CEIP San Vicenzo do Concello de Vimianzo e que ambos proxenitores ou titores legais estean en situación laboral activa ou situación de ocupación que xustifiquen a necesidade de conciliación.

11.- Serán causa de extinción do servizo e baixa no mesmo as seguintes:

- Incumprimento dos requisitos establecidos.
- Por solicitude dos proxenitores ou representantes legais.
- A comprobación de falsidade na documentación achegada
- A falta de asistencia durante un mes sen causa xustificada.

12.- Os/as usuarios deberán aboar o servizo a mes vencido dentro dos 5 primeiras días naturais do mes seguinte. A falta de pagamento dun recibo significará a baixa automática do servizo.

13.- Os/as usuarios/as fixos/as na modalidade de días soltos se necesitaran facer uso do servizo máis días dos especificados na solicitude de praza, aboarán os días a maiores ao mesmo prezo que os/as usuarios/as ocasionais.

14. Non se administrará ningunha medicación salvo estrita prescrición médica que xustifique a necesidade de facelo no horario do servizo. Dita prescrición detallará o tipo de medicación, cantidade e modo de consumo. Todo o anterior avalado mediante informe médico.

O que asino en Vimianzo,

A técnica da Área de Benestar Social

Rosa M^a Varela Antelo

Visto e praxe

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez

(documento asinado electrónicamente)”

Tendo en conta a Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola realización de actividades culturais, de lecer ou tempo libre organizadas polo concello de Vimianzo(publicada no BOP de 5 de Outubro de 2012, número 191).

Visto o informe emitido pola intervención municipal en data 10/01/2020, que conclúe:

“(…)Visto canto antecede, esta intervención informa favorablemente a aprobación do prezo público do servizo de madrugadores, coa advertencia de que se deben buscar un adecuado equilibrio entre ingresos e gastos canto Se asuma un novo servizo por parte do Concello, co fin de dar cumprimento o principio de estabilidade orzamentaria.(…)”

Tendo en conta que o prezo público cuxa aprobación se pretende ten como finalidade a prestación dun servizo con fins de carácter social e de interese público (Art.44.2 TRLFL).



Considerando o disposto en canto á delegación de competencias nos artigos 23.2 b) da LBRL, e 53.2 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e na Resolución da Alcaldía núm. 978/2019, de 04/09/2019, de delegación de atribucións na Xunta de Goberno Local.

Visto canto antecede, esta Alcaldía eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro.- Aprobar, de acordo coa Memoria realizada pola técnica da área de benestar social, o seguinte prezo público, que se devengará a partir do mes de febreiro de 2020:

SERVIZOS	PREZO	
	CON ALMORZO	SEN ALMORZO
Todos os días	36 €/mes	27 €/mes
4 días á semana	28 €/mes	21 €/mes
3 días á semana	21€/mes	16 €/mes
2 días á semana	14 €/mes	10 €/mes
1 día á semana	7 €/mes	5 €/mes
Días puntuais	3 €/mes	2 €/mes

A obriga de pagamento nace no momento desde que se inicia a prestación do servizo e manterase mentres non se tramite a correspondente baixa.

As tarifas mensuais, reduciranse proporcionalmente os meses de setembro, xuño e aquel en que coincida a Semana Santa, así como durante o Nadal.

Bonificacións: As familias numerosas tanto de categoría xeral como especial terán unha bonificación do 20% en todos os seus membros. A condición de familia numerosa acreditarase documentalmente na solicitude de participación no programa mediante a presentación do título de familia numerosa, aportando copia do mesmo.

Cando participen dous irmáns no programa, terán unha bonificación do 20% no segundo. Esta bonificación non terá lugar cando se aplique a bonificación por familia numerosa.

Segundo.- Aprobar a normativa do servizo de madrugadoras deste concello que se transcribe nos antecedentes.

Terceiro.-Publicar este acordo no taboleiro de edictos e no apartado correspondente na páxina web do concello.

Cuarto.-Dar conta deste acordo na vindeira sesión ordinaria do Pleno do Concello.



O que asino en Vimianzo, 10 de xaneiro de 2020

A alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordóñez